

## **BASES DO CONCURSO: “TikTok en galego: crea en galego e gaña” Día das Letras Galegas 2024**

### **Presentación**

Este concurso nace para celebrar o Día das Letras Galegas 2024 compartindo creatividade en galego. O obxectivo que persegue é fomentar o uso das novas tecnoloxías e das dotes artísticas persoais empregando a nosa lingua materna. Búscase con isto concienciar e sensibilizar sobre a importancia de crear en galego en tódolos ámbitos das nosas vidas, incluídas as redes sociais.

### **Participantes**

Poderán presentarse a este concurso tódalas persoas que estén a estudar no CIFP Vilamarín no curso académico 2023-24.

### **Contido e formato**

Deberá presentarse unha peza de rap, cancións, prosa, teatro, poemas, etc. inédita de entre 1 e 2 minutos de temática libre. Poderán presentarse vídeos de maneira individual ou en grupos de ata 3 persoas.

### **Forma de presentación e prazos**

Os vídeos deben enviarse á dirección de correo electrónico [tic.cifp.vilamarin@edu.xunta.gal](mailto:tic.cifp.vilamarin@edu.xunta.gal) antes do 13 de maio de 2024. Os equipos gañadores daranse a coñecer o 15 de maio nun acto que terá lugar no restaurante do centro durante o recreo ás 11:30. Durante o acto poderán visualizarse os vídeos gañadores.

### **Xurado e premios**

O xurado estará formado polas persoas que integran o departamento de normalización lingüística do CIFP Vilamarín, quenes elixirán mediante votación individual e segreda os vídeos gañadores valornado a súa orixinalidade, creatividade e valor artístico.

Haberá tres premios principais:

- Primeiro premio: última novela gráfica en galego de David Rubín asinada polo propio autor.
- Segundo premio: un brunch para tódalas persoas que integren o grupo máis unha persoa convidada por cada unha delas na cafetería do centro (data a acordar).
- Terceiro premio: un brunch para tódalas persoas que integren o grupo na cafetería do centro (data a acordar).

Ademais, tódalas persoas que partipen respectando as bases deste concurso recibirán un punto extra no módulo de galego e outros agasallos de merchandising do centro.

### **Comunicación e difusión dos vídeos**

As persoas participantes ceden ao CIFP de Vilamarmín o dereito de publicar os vídeos presentados ao concurso sen dereito a contraprestación algunha.

Para calquera dúbida, rógase contactar cos/coas titores/as para que trasladen as preguntas a algunha das persoas integrantes do equipo de normalización.